

INGRESO MÍNIMO VITAL

XULLO 2022



Secretaría de Emprego, Política Social e Políticas Públicas de Protección
S.N. de CC.OO. de Galicia

En Galicia aboáronse no mes de xullo 19.026 prestacións de INGRESO MÍNIMO VITAL

Non existe unha estatística que permita facer un seguimento da implantación do INGRESO MÍNIMO VITAL. Os datos que se coñecen son os que fai públicos o Goberno tras algunha comparecencia do Ministro do ramo.

Segundo os últimos datos publicados no mes de xullo aboáranse en Galicia 19.026 prestacións que beneficiaban a 46.428 persoas. Estamos a falar de que en cada fogar perceptor hai, en termo medio, 2,44 persoas.

A contía media por fogar sitúase en 507,32 euros e por persoa en 207,90 euros.

CADRO 1.-PRINCIPAIS DATOS

	NÚMERO DE PRESTACIÓNS	NÚMERO TOTAL DE BENEFICIARIAS	RATEO DE BENEFICIARIAS POR PRESTACIÓN	CONTÍA MEDIA MENSUAL POR FOGAR	CONTÍA MEDIA MENSUAL POR BENEFICIARIA
A CORUÑA	8.302	18.777	2,26	522,97 €	231,22 €
LUGO	2.684	7.219	2,69	507,34 €	188,63 €
OURENSE	2.818	7.344	2,61	474,49 €	182,07 €
PONTEVEDRA	5.222	13.088	2,51	500,15 €	199,56 €
TOTAL	19.026	46.428	2,44	507,32 €	207,90 €

No cadro podemos ver a distribución dos diferentes datos nas catro provincias galegas e comprobar como nas provincias de Pontevedra e A Coruña se concentran o 71% das prestacións aboadas.

O perfil da persoa titular de INGRESO MÍNIMO VITAL en Galicia é o dunha muller con nacionalidade española

Como adoita acontecer nas prestacións de carácter asistencial, o número de mulleres perceptoras do INGRESO MÍNIMO VITAL é superior ao dos homes, neste caso o número de perceptoras é o dobre que o de perceptores: 13.006 mulleres fronte a 6.020 homes. Este desequilibrio reproducése nas catro provincias galegas.

CADRO 2.- SEXO E NACIONALIDADE DAS PERSOAS TITULARES

	NÚMERO TITULARES	SEXO TITULARES		NACIONALIDADE TITULARES	
		HOMES	MULLERES	ESPAÑOLA	ESTRANXEIRA
A CORUÑA	8.302	2.761	5.541	7.397	905
LUGO	2.684	837	1.847	2.155	528
OURENSE	2.818	855	1.963	2.430	387
PONTEVEDRA	5.222	1.567	3.655	4.692	529
TOTAL	19.026	6.020	13.006	16.674	2.349

Se falamos da nacionalidade das persoas perceptoras, atopamos que maioritariamente é a española, patrón que se reproduce en toda Galicia aínda que con menor intensidade na provincia de Lugo que no resto.

O perfil da persoa titular de INGRESO MÍNIMO VITAL en Galicia é o dunha persoa cunha idade media de 45,51 anos

Os datos do seguinte cadro reflicten que o número de persoas titulares menores de 24 anos e maiores de 65 é moi cativo; nos tramos de entre 24 e 35 e 56 e 65 o volume de persoas beneficiarias supera os 3.000 e nos tramos centrais, entre 36 e 45 e 46 e 55 anos, é onde se concentra o maior número de persoas titulares dunha prestación de INGRESO MÍNIMO VITAL en Galicia.

CADRO 3.- TITULARES POR GRUPO E MEDIA DE IDADE

	NÚMERO TITULARES	GRUPO DE IDADE DOS TITULARES						MEDIA DE IDADE TITULARES
		< 24 AÑOS	24-35 AÑOS	36-45 AÑOS	46-55 AÑOS	56-65 AÑOS	> 65 AÑOS	
A CORUÑA	8.302	85	1.292	2.624	2.485	1.735	81	46,21
LUGO	2.684	34	499	973	746	407	25	44,34
OURENSE	2.818	31	571	996	743	438	39	44,45
PONTEVEDRA	5.222	43	839	1.786	1.593	916	45	45,58
TOTAL	19.026	193	3.201	6.379	5.567	3.496	190	45,51

A dita distribución etaria implica unha idade media da persoa beneficiaria da prestación de 45,51 anos.

O maior número da persoas titulares de INGRESO MÍNIMO VITAL en Galicia forman parte dun fogar sen menores

O 45% das persoas titulares dunha prestación de INGRESO MÍNIMO VITAL conviven nun fogar no que non hai menores de idade, un 30% en fogares con menores e o 25% restante en fogares monoparentais.

A distribución das prestacións segundo tipo de fogar reproducése nas provincias de A Coruña, Ourense e Pontevedra, variando lixeiramente na de Lugo onde o maior número de persoas titulares dunha prestación fai parte dun fogar con menores quedando o reparto da seguinte maneira: 39% dos fogares son de tipoloxía “outros fogares con menores”, un 34% de “fogares sen menores” e o 27% que queda son “fogares monoparentais”.

CADRO 4.- FOGARES POR TIPO DE FOGAR

	NÚMERO DE FOGARES	TIPO DE FOGAR		
		FOGARES MONOPARENTAIS	OUTROS FOGARES CON MENORES	FOGARES SEN MENORES
A CORUÑA	8.302	1.913	2.084	4.305
LUGO	2.684	724	1.034	926
OURENSE	2.818	676	1.049	1.093
PONTEVEDRA	5.222	1.442	1.621	2.159
TOTAL	19.026	4.755	5.788	8.483

No último ano medrou nun 7,55% o número de persoas titulares do INGRESO MÍNIMO VITAL o que supón un crecemento do 34,20% no que vai do ano

En xuño de 2022 había en Galicia 46.428 persoas beneficiarias do INGRESO MÍNIMO VITAL que son 3.261 máis que no mes de maio, un incremento do 7,55%. Se a comparación a facemos co mesmo mes do ano anterior, vemos que o volume de persoas beneficiarias aumenta en 11.831 que é unha porcentaxe do 34,20%.

CADRO 5.- EVOLUCIÓN DO NÚMERO TOTAL DE PERSOAS BENEFICIARIAS (XUÑO DE 2021 A XUÑO DE 2022)

	NÚMERO DE BENEFICIARIAS			VARIACIÓN DE DATOS DE XUÑO DE 2022			
				INTERMENSUAL RESPECTO MES ANTERIOR		INTERANUAL RESPECTO MESMO MES ANO ANTERIOR	
	XUÑO DE 2021	MAIO DE 2022	XUÑO DE 2022	NÚMERO	PORCENTAXE	NÚMERO	PORCENTAXE
A CORUÑA	15.274	17.941	18.777	836	4,66	3.503	22,93
LUGO	4.982	6.272	7.219	947	15,10	2.237	44,90
OURENSE	4.241	6.581	7.344	763	11,59	3.103	73,17
PONTEVEDRA	10.100	12.373	13.088	715	5,78	2.988	29,58
TOTAL	34.597	43.167	46.428	3.261	7,55	11.831	34,20

Se a comparativa a facemos por provincias comprobamos como, tanto en termos mensuais como interanuais, os maiores crecementos de persoas beneficiarias se producen nas provincias de Lugo e Ourense.

O INGRESO MÍNIMO VITAL é positivo pero aínda é insuficiente para dar resposta o 20,2% da poboación galega que está en risco de pobreza

Segundo a Enquisa de condicións de vida do INE en 2021 (que considera os ingresos de 2020), publicada en xuño de 2022, a porcentaxe de poboación galega con ingresos por debaixo do limiar de risco de pobreza (a chamada taxa de risco de pobreza) situouse no 20,2% da poboación residente en Galicia. Dito doutro xeito, 545.767 galegos e galegas estaban en risco de pobreza no ano 2021.

Neste grave contexto, as redes de protección social deben desempeñar un papel determinante: o sistema público de pensións e de protección por desemprego e as rendas de inserción deberían cubrir as necesidades básicas das persoas, en especial das que se atopen en situación máis vulnerable. As dúas primeiras van ligadas en maior medida á vida laboral por iso a prestación que debería darlles cobertura aos galegos e galegas en situación de necesidade é o INGRESO MÍNIMO VITAL que debera complementarse coa RISGA para cubrir aquelas situacións onde este non chega.

O último informe sobre a aplicación e avaliación da Lei de inclusión social de Galicia é de 2021 e nos indica que a decembro de dito ano o número de persoas perceptoras da RISGA era de

7.211 e que o orzamento utilizado para aboar as ditas prestacións ascendía a case 44 millóns de euros, o que supoñía unha contía media de 435,21 euros de prestación.

Como xa sinalamos ao longo do informe, o número de persoas titulares do INGRESO MÍNIMO VITAL en xuño de 2022 era de 19.026 e a contía media por fogar de 507,32 euros e que o número de persoas beneficiarias experimentara un notable incremento no último ano como consecuencia das medidas de flexibilización introducidas no 2021 e que entraron en vigor neste ano.

Aínda así, estamos a falar de que unhas 25.000 percibirían rendas de integración e que poderíamos estimar que se benefician das mesmas unhas 65.000 persoas; é dicir, tan só 11 de cada 100 persoas en risco de pobreza en Galicia ten unha prestación.

Un informe recentemente publicado da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal conclúe que o INGRESO MÍNIMO VITAL despregou só unha parte do seu potencial, pero ten percorrido para converterse nun instrumento máis potente na loita contra a pobreza. De feito en Galicia só chega a un 39% dos potenciais fogares beneficiarios e podería absorber o 78% das actuais prestacións da RISGA, o que liberaría recursos para atender tanto aos colectivos que quedan fora da cobertura do INGRESO MÍNIMO VITAL como outras necesidades sociais.

Máis flexibilidade nos requisitos, menos burocracia e, en consecuencia, máis orzamento son pasos imprescindibles se queremos reducir a pobreza e a exclusión social en Galicia.